

**PROGRAMA VIDE EN FUTURO - AXUDAS A DEPORTISTAS
VIGUESES E VIGUESAS DE BASE EN MODALIDADES DEPORTIVAS
INDIVIDUAIS - TEMPADA 2023/2024**

-BASES DA CONVOCATORIA-

OBXECTO

O obxecto da convocatoria é a concesión de axudas a deportistas de base de Vigo en modalidades individuais que auguren unha proxección inmediata ou futura para o deporte de alta competición, acreditando un rendemento inicial e unha especial dedicación á actividade deportiva federada.

FINALIDADE

Consolidar a progresión dos rendementos deportivos, destinándose a sufragar en parte os gastos ocasionados durante o período de adestramento, competicións federadas, perfeccionamento e adquisición de material técnico da tempada 23/24 (do 1 de xullo de 2023 ao 30 de xuño de 2024).

REQUISITOS BENEFICIARIOS/AS

- 1º) Estar empadroados/as en Vigo de xeito continuado como mínimo dende o 1 de xaneiro de 2023.
- 2º) Nados/as dende o 1 de xaneiro de 2000.
- 3º) Ter licencia federada autonómica vinculada a unha entidade deportiva sen ánimo de lucro ou, nas modalidades deportivas con licencia nacional, tela expedida pola federación nacional correspondente.
- 4º) Competir nunha modalidade considerada individual, ben de forma individual, parella ou trío.
- 5º) Ter participado **entre o 1 de xullo de 2023 e o 30 de xuño de 2024** nalgunha competición federada de ámbito estatal ou internacional incluída no listado de criterios de concesión.
- 6º) Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.

CONTÍA TOTAL

Cada unha das bolsas concedidas contará cunha dotación mínima de 400 € e máxima de 1.000 € brutos; cun total de 20.000 € en axudas. Suxeitas á retención correspondente por lei.

INCOMPATIBILIDADE

Serán rexeitadas as solicitudes de deportistas beneficiarios das “Axudas para Deportistas de Alto Nivel da Cidade de Vigo” dinamizadas pola Concellería de Deportes para a tempada 23/24.

DOCUMENTACIÓN REQUERIDA

As solicitudes formalizaranse coa seguinte documentación:

- Formulario de datos persoais e historial deportivo anexos a estas bases (I e II), indicando de cada campionato a denominación, o posto acadado, a data, o lugar e o número de participantes.
- Certificado da federación correspondente de ter licencia federativa na tempada en vigor (2024/2025).
- Fotocopia do DNI do/a deportista solicitante e do/a representante legal no caso de que o/a solicitante sexa menor de idade.
- Volante de empadramento en Vigo (www.vigo.org), como mínimo dende o ano 2023
- Certificado da titularidade da conta bancaria do beneficiario/a para o ingreso do importe da bolsa.

CRITERIOS DE CONCESIÓN E VALORACIÓN

Para a concesión das axudas consideraranse os méritos deportivos obtidos polos/as solicitantes na tempada 2023/2024. A Comisión de Valoración observará os seguintes baremos de puntuación, tendo en conta que no caso de participar en varias probas dun mesmo campionato ou copa só se considerará a puntuación máis alta. Valoraranse coa metade dos puntos as modalidades nas que existen campionatos de segunda categoría.

No caso de empate na puntuación, a Comisión tamén considerará a seguinte orde de mellor puntuación: Mundial (sénior, sub-23 ou de menores). 2) Europeo. 3) Campionato de España. 4) Copa do Mundo. 5) Copa de Europa. 6) Copa de España. De seguir o empate, darase prioridade ao ou á solicitante que nunca recibiu axuda de VIDE.

Non se esixirá participación mínima no caso de deporte adaptado.

Non se aceptarán as solicitudes con puntuación inferior a 9 puntos.

A. CAMPIONATO DO MUNDO/XOGOS OLÍMPICOS. Pola participación **10 puntos**, e por resultados:

Posición final	Absoluto ou Sub-23	Menores Sub-23
Campión / Campioa	20 puntos	15 puntos
Subcampión / Subcampioa	15 puntos	10 puntos
Terceiro posto	10 puntos	6 puntos
Do 4º ao 10º posto	6 puntos	2 puntos

Mínimo para puntuar por participación: 16 participantes na proba masculina e 10 na feminina.

B. COPA DO MUNDO OU CIRCUÍTO OFICIAL MUNDIAL. Pola participación **7 puntos**, e por resultados:

Posición final	Absoluto ou Sub-23	Menores Sub-23
Campión / Campioa	8 puntos	7 puntos
Subcampión / Subcampioa	6 puntos	5 puntos
Terceiro posto	4 puntos	2 puntos
Do 4º ao 10º posto	2 puntos	1 punto

Mínimo para puntuar por participación: 16 participantes na proba masculina e 10 na feminina.

C. CAMPIONATO DE EUROPA. Pola participación **8 puntos**, e por resultados:

Posición final	Absoluto ou Sub-23	Menores Sub-23
Campión / Campioa	10 puntos	9 puntos
Subcampión / Subcampioa	8 puntos	7 puntos
Terceiro posto	6 puntos	5 puntos
Do 4º ao 10º posto	4 puntos	3 puntos

Mínimo para puntuar por participación: 16 participantes na proba masculina e 10 na feminina.

D. COPA DE EUROPA OU CIRCUÍTO OFICIAL EUROPEO. Pola participación **6 puntos**, e por resultados:

Posición final	Absoluto ou Sub-23	Menores Sub-23
Campión / Campioa	6 puntos	5 puntos
Subcampión / Subcampioa	4 puntos	3 puntos
Terceiro posto	2 puntos	2 puntos
Do 4º ao 10º posto	1 punto	1 punto

Mínimo para puntuar por participación: 16 participantes na proba masculina e 10 na feminina.

E. CAMPIONATO DE ESPAÑA. Pola participación na fase final de primeira categoría **5 puntos**, e por resultados:

Posición final	Absoluto ou Sub-23	Menores Sub-23
Campión / Campioa	5 puntos	5 puntos
Subcampión / Subcampioa	4 puntos	4 puntos
Terceiro posto	3 puntos	3 puntos
Do 4º ao 10º posto	2 puntos	2 puntos

Mínimo para puntuar: 12 participantes na proba masculina e 8 na feminina.

F. COPA DE ESPAÑA OU CIRCUÍTO OFICIAL ESPAÑOL. Pola participación **2 puntos**, e por resultados:

Posición final	Absoluto ou Sub-23	Menores Sub-23
Campión / Campioa	2 puntos	2 puntos
Subcampión / Subcampioa	1 puntos	1 puntos
Terceiro posto	0,5 puntos	0,5 puntos

Mínimo para puntuar: 12 participantes na proba masculina e 8 na feminina.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación das solicitudes será do **21 de outubro ao 5 de novembro de 2024**, ambos inclusive.

A **solicitudede terá que vir cuberta a ordenador**. A solicitude e a documentación deberán enviarse de forma telemática en un só documento de pdf, na dirección de correo electrónico: **vide@vide.es**

REVISIÓN DA DOCUMENTACIÓN

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, poderá requirirse ao/á solicitante para que, no prazo improrrogable de 7 días naturais, proceda á emenda de erros ou presentación a maiores a documentación que VIDE considere necesaria. Transcorrido dito prazo sen emenda terase ao interesado por desistido da solicitude.

Haberá un prazo máximo de quince días dende a publicación das axudas para presentar calquera alegación. A Fundación VIDE resolverá no prazo dun mes, esgotando a vía administrativa.

A presentación do/a solicitante a esta convocatoria implica a total aceptación das súas bases.

PROCEDEMENTO

A Comisión de Valoración está integrada polos membros do Comité Executivo da Fundación VIDE. Terá un prazo para resolver non superior a un mes a partir do peche de presentación de solicitudes.

As axudas dividiranse por tramos, dende un mínimo de 9 puntos acadados.

Tramo 1: 1.000 euros a cada un dos dez mellores deportistas segundo a súa puntuación. 900 € para os postos undécimo e duodécimo. 800 € para os clasificados nos postos 13 a 16.

Tramo 2: Os e as restantes deportistas que acaden 9 puntos ou máis terán 400 €, por orde de clasificación (dende o 17º e seguintes), ata esgotar o orzamento.

Tramo 3: No caso de crédito sobranter, a súa distribución iría aos e ás beneficiarias do Tramo 2, dividindo o remanente entre os puntos dese grupo de solicitantes, dando lugar a un valor do punto ata completar unha axuda máxima de 600 €/deportista.

OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS/AS

1a) Responder da veracidade dos datos aportados, baixo a responsabilidade da persoa que subscribe a solicitude.

2a) Destinar a axuda aos fins para os que foi concedida.

3a) Prestar a súa colaboración e imaxe cando se solicite por parte da Fundación VIDE e do Concello de Vigo.

4a) Facer unha axeitada publicidade da Fundación VIDE e do Concello de Vigo durante as competicións ou manifestacións deportivas nas que participe.

O incumprimento dalgún dos anteriores puntos provocará a consecuenta anulación desta axuda e o seu reintegro por parte do/a beneficiario/a.